

## COMUNICADO DE PRENSA

**... Día Internacional dos Incendios Forestais ...  
(4 de maio de 2010)**

**Os biólogos destacan que cómpre incrementar os bosques de especies caducifolias autóctonas, xa que teñen baixa combustibilidade, de cara a reducir a propagación dos incendios forestais**

**Indican que se debe retirar o arborado caído despois de ciclóns como o Klaus ou o Xynthia, xa que causa enormes riscos**

---

*Santiago de Compostela, 3 de maio de 2010 (Vía Láctea Comunicación).*- Mañá martes celébrase o Día Internacional dos Incendios Forestais. Con motivo desta conmemoración, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** destaca que a xestión forestal debe contemplar o alto risco de incendios que existe en Galicia, de cara a planificar e investir sobre todo en tarefas de prevención.

Os biólogos resaltan que a gran repercusión que os incendios forestais están a ter nos ecosistemas forestais galegos levou a estudar en profundidade as súas implicacións biolóxicas e ecolóxicas. Así, en Galicia hai numerosos equipos de científicos que dispoñen dun importante coñecemento sobre os graves efectos edáficos, hidrolóxicos, biolóxicos e ecolóxicos que desencadean os lumes.

“Cada ano, ao achegarse a tempada de máximo risco de incendios debemos reflexionar sobre a importancia dos mesmos e dende o COBGA consideramos que temos que evitar ao máximo as situacións de risco tanto para as personas como para os ecosistemas” -manifestan-. Así, dende o Colexio teñen proposto, de xeito reiterado, unha serie de actuacións de prevención de incendios e de restauración de áreas incendiadas, baseándose en diversas experiencias científicas e técnicas.

### **Nas operacións de roza do monte deben evitarse os herbicidas**

Entre as medidas de xestión propostas polo COBGA destaca a prevención mediante a regulación do combustible. Nesta liña, consideran que “os ecosistemas de alto valor ecolóxico deben ser preservados do lume, xa que poden presentar serias dificultades para a súa recuperación”. Sinalan que as técnicas de roza manual ou mecánica do monte deben aplicarse de xeito continuo a todos os espazos de risco. “É importante crear mosaicos de ecosistemas con diferente estrutura e romper así a continuidade do combustible, co fin de evitar a propagación do lume” -indican os expertos-. Apuntan que se deben evitar as rozas químicas con herbicidas, xa que causan danos ecolóxicos nos propios ecosistemas forestais nos que se usan e tamén nos ríos.

Dende o Colexio afirman que é moi recomendable empregar o pastoreo, botando man de razas autóctonas, como medida para controlar o combustible baixo. Ademais, “débesse potenciar a diversificación da cuberta forestal, incrementando a abundancia de bosques de especies caducifolias autóctonas, que teñen baixa combustibilidade, e poden crear así áreas arboradas de menor risco de propagación” -afirman-. E sinalan que cómpre retirar sempre o arborado caído despois de ciclóns como o Klaus ou o Xynthia, xa que causa enormes riscos.

Outra das medidas de xestión que suxiren os biólogos é a prevención mediante a educación e a sensibilización da poboación. “Os cidadáns deben coñecer o enorme impacto negativo que os incendios teñen sobre os ecosistemas terrestres, as augas, a atmosfera ou a economía do país” -manifestan-. Por esta razón, entenden que a sensibilización pública e tamén de todos os profesionais relacionados co medio forestal debe contemplarse como unha ferramenta de vital importancia para lograr un cambio de mentalidade fronte ao lume.

### **Moitas operacións de restauración realizadas en montes galegos teñen xerado máis danos ecolóxicos e de erosión que os propios incendios**

Por outro lado, os biólogos destacan a importancia que ten a restauración das áreas incendiadas. En relación a isto sinalan que “se poden restaurar e revexetar os espazos incendiados, pero consideramos que debe facerse só naqueles territorios susceptibles de sufrir unha elevada erosión de solos e de especies”. Así, aseguran que “temos moitos exemplos recentes de operacións de restauración moi mal realizadas en montes galegos, que teñen xerado máis danos ecolóxicos e de erosión que os propios incendios. Cómpre ter en conta que a rexeneración natural dos ecosistemas é moi equilibrada e na maioría dos casos non é preciso empregar técnicas agresivas de restauración artificial”.

Dende o COBGA indican que, de levárense a cabo tarefas de restauración, cómpre empregar criterios do máximo rigor ecolóxico e xenético no relativo á elección das especies arbóreas, arbustivas e herbáceas; que deberán ser compatibles coa conservación do ecosistema e co desenvolvemento sostible de cada territorio. Así, consideran que convén dispoñer das estruturas necesarias (sementeiros, viveiros...) de cara ás operacións de restauración da vexetación de cada zona. E indican que deben empregarse sempre técnicas de implantación da planta forestal que resulten pouco destrutivas para o solo.

Dende o COBGA manifestan que as accións propostas para a xestión forestal en relación con incendios contribuirían a diversificar e a aumentar a economía das áreas rurais e a poñer en valor os espazos forestais.

**PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA**

**981 55 44 07 ... [www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)**